

Os tesouros do Parlamento de Galicia



UNHA HISTORIA DE
BETO LUACES

E ILUSTRACIÓNS DE
ANTÍA BARBA



EDITA
Parlamento de Galicia

HISTORIA
Beto Luaces

ILUSTRACIÓN
Antía Barba Mariño

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Sebas Pazos





ar a coñecer o Parlamento de Galicia ao conxunto da sociedade é un dos obxectivos desta institución. Nenos e adultos descoñecen, con frecuencia, as funcións que ten encomendadas o poder legislativo galego, o que nos obriga a articular diferentes fórmulas coas que superar esa eiva.

Unha das apostas en que poñemos maior empeño consiste en achegar o Parlamento á infancia e á mocidade galegas a través dunha mancha de iniciativas: unidades didácticas, visitas guiadas, vídeos ou charlas divulgativas impartidas nos propios centros educativos. A estas e outras iniciativas súmase agora. Os tesouros do Parlamento, un cómic orientado ao estudantado de educación infantil que visita o Pazo do Hórreo.

O título responde a unha dobre realidade: dar a coñecer os tesouros, materiais e intanxibles, que alberga o Parlamento de Galicia, mais tamén achegarnos ao maior tesouro de Galicia, as nenas e os nenos nos que temos depositadas as nosas esperanzas.

Porque vosoutros, nenas e nenos aos que vai dirixido este libro, seredes, dentro de pouco tempo, os adultos que deberán guiar Galicia cara a un futuro mellor: unha comunidade respectuosa co seu patrimonio, orgullosa da súa historia e acolledora con todas e todos.

Unha Galicia próspera, fermosa e aberta ao mundo. A Galicia que todos queremos.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

Era unha mañá fría, mesmo poallaba un chisquiño, naquela primeira semana do mes de decembro.



Os buses estacionaron nun lateral do predio e a chuvia desapareceu. Unha mancha de rapaces, que cursaban os últimos cursos da primaria e os primeiros da ESO deron en camiñar.

O curso escolar avanzaba cara ao final do seu primeiro trimestre e varias escolas de Galicia estaban a participar nun proxecto multidisciplinar que consistía en coñecer o Parlamento de Galicia!



Xurdiu unha gran escaleira de pedra, sobre ela estaba o Pazo do Hórreo. Ao pé das escaleiras erguíanse as bandeiras oficiais. Axiña, elevaron a vista e contemplaron que aquela casa grande estaba construída en pedra. Ían entrar no Parlamento de Galicia. Era certo, semellaba un pazo.

O Pazo do Hórreo.

As mestras e mestres botaron unha ollada contra o alumnado e, logo dun reconto rápido, viron que non faltaba ningún. Daquela, unha mestra dixo ben alto...



Deixade que me presente, eu son o encargado de recibir as visitas do Parlamento. Decontado, ides entrar na casa do pobo galego. A vosa casa. Pasade!



Bo díaaaaa!

Non demoraron en estar todos no vestibulo. Os mestres e mestras dixéronlles aos rapaces que podían quitar os chufasqueiros, que, ao cabo, quedaron arrombados nun lateral da estancia.



Estudantes e tamén profesores, observaron, ben devagar, o vestibulo. Para a meirande parte deles era a primeira vez que estaban ali.

Non demoraron en se decatarse de que os seus pés estaban encol dunha enorme alfombra vermella e que na súa parte central e, contra os laterais, existían uns xeitosos debuxos que remataban contra varios escudos de Galicia. Logo, uns optaron por reparar nas grosas paredes de pedra de granito e revestidas de madeira.

Estades no recibidor do edificio. Que vos parece?

Ben!

Sabedes quen foi Xosé Otero Abeledo?

E se vos pregunto se coñecedes a Laxeiro?

E onde está a túa escola?

Ese si! Foi un pintor. A nosa escola chámase así.

En Vigo.

Exacto... Laxeiro foi un pintor de Lalín, que viviu en Vigo no século pasado. E... agora, levantade a vista!

Esta vidreira fixoa Laxeiro para o Parlamento e ten a función de claraboia.

Hoooo!

E iso que significa?

Significa que permite que entre a luz natural e, dese xeito, poidamos aforrar enerxía. Tentamos que o edificio sexa sostible. Sabedes o que significa?

Que non sexa contaminante

Correcto

Sabedes como se chama este edificio?

O Pazo do Hórreo!

Moi ben.

Eu lévos moitos anos a traballar aquí e nunca atopei ese hórreo.

E logo... por que lle chaman así?

O nome vénlle pola rúa na que estamos: a rúa do Hórreo.

Seica, noutros tempos, ali houbo un hórreo enorme.

Aos hórreos nós na serra do Suido chamámoslles canastros.

Pois nós en Ribadeo chamámoslles cabazo.

E nós... na Costa da Morte cabaseiro.

E isto era un pazo?

Era. O Parlamento de Galicia está neste pazo desde o ano 1989. Aínda que, anteriormente, ocupou dúas sedes provisionais noutros dous pazos. Primeiro, foi no de Xelmírez, cedido polo Arcebispado e, despois no de Fonseca, cedido pola Universidade.

Moitos pazos hai en Santiago!

Nunca o pensara! O edificio actual foi construído para ser a Escola de Veterinaria, aínda que só funcionou entre 1915 e 1924.

Sabedes realmente onde estades?

No Parlamento de Galicia

Estades no lugar onde se elaboran e aproban as leis que debemos cumprir. O Estatuto de Autonomía de Galicia é a norma básica de funcionamento da Comunidade Autónoma, que define as súas institucións, competencias, símbolos...

Seguideme!

O encargado da recepción das visitas meteuse por unha porta e o grupo seguíuno.



Abandonaron a sala e atravesaron o gran corredor do edificio e, axiña, saíron ao exterior, ao patio interior. Un gran patio, a xeito de claustro, que conserva a estrutura orixinal do edificio e foi utilizado para construír nel o Hemiciclo. Á súa vez cada un destes novos dous patios conta con patios inferiores que dan luminosidade e ventilación aos despachos dos deputados e deputadas, que están situados no semisoto.



Accederon á Sala de Exposicións, unha sala polivalente onde visionaron un vídeo acerca do Parlamento e viron, ademais, unha exposición divulgativa sobre as funcións e a composición do legislativo autonómico. Puideron contemplar, tamén, unha serie de cadros que reflicten a composición do Parlamento ao longo da súa historia, desde a primeira legislatura en 1981 ata a actualidade, así como unha maqueta para persoas con deficiencias visuais.



Propóñovos un xogo!
O xogo que vos propoño é ben doado de facer. É moi simple e, de seguro que xa tedes feito algo semellante algunha vez...



Trátase de localizar un tesouro. Mais ese tesouro... está dentro deste edificio e vós tedes que atopalo.

Non vos preocupedes que vos hei acompañar en todo momento e... tamén vos hei dar pistas.

Que vos parece?

Acceptades o reto?

Aceptamos!



Daquela, seguideme!






Abandonaron o gran patio interior, cando as primeiras pingas da chuvisca comezaban a caer sobre eles.




Entraron, novamente, no interior do edificio da sede parlamentaria e, doutra volta, estaban no corredor. Ali, bateron cun cuadro de Xaime Quessada, titulado 'O Ensaio' e datado en 1991. Un óleo grande onde varias figuras femininas semellaban danzar... Os visitantes repararon en que no resto das paredes do corredor había unha mancha de cadros nas paredes. Avanzaron, mais non moito, e penetraron nunha nova sala.



Estamos no Salón dos Reis. Aquí celébranse os actos solemnes da institución, como por exemplo, a toma de posesión dos presidentes da Xunta de Galicia.

Nas paredes están pendurados os retratos dos reis e, tamén, os escudos das capitais do Antigo Reino de Galicia.



E aquí comeza o xogo! Tedes que localizar o primeiro tesouro. Ah! Que non volo dixer antes? O tesouro non é un, son varios pequenos tesouros que, en conxunto, forman un gran tesouro. Veña rapaces!

Bulide!

Vouvos dar a primeira pista. Xa tardaba.

O tesouro que tedes que procurar non é algo material que poidades tocar coas mans.

Recordade onde estades...



As rapazas e rapaces botáronse a percorrer o espazo todo. Xuntáronse en grupos, máis ou menos numerosos, mesmo das distintas escolas. Un refo común uniaos. O encargado e mais as mestras e mestres estaban encantados de ver como se estaba a desenvolver a mocidade.



Penso que temos algo, aínda que non estamos moi seguros...

Explicáte, logo.

Estamos no Salón dos Reis e nas paredes están os escudos do Antigo Reino de Galicia. E... pensamos que a cousa vai por aí...

Sei que o que vos pedín non é doado. Heivos axudar a descubrir este primeiro tesouro.

Vale.

Xa vos dixen que o tesouro que tiñades que procurar non é material. E... o tesouro que atopastes é a nosa historia.

A historia é moi importante.

É. Temos que saber de onde vimos para comprender o presente e, sobre todo, para prepararnos para o futuro como pobo.

Xa tedes o voso primeiro tesouro.



Estamos na Sala de Reunións. No Parlamento non todo van ser actos solemnes e este é un dos lugares onde as deputadas e os deputados teñen xuntanzas.

E aquí hai un tesouro?

Haino e tedes que localizalo.

Non demoredes, aínda quedan outros por descubrir!

O grupo repetiu a acción da sala anterior e deambulou, con ou sen xeito, pola estancia toda. Mesmo, co permiso do responsable da visita, ocuparon as cadeiras das mesas. Volveron debater entre eles e unha tormenta de ideas non demorou en se espallar pola sala.



Algo temos. Aínda que estamos igual que antes. Non estamos moi seguros da nosa decisión.

E o tesouro é...?

O traballo.

Aquí os deputados veñen traballar.

E as deputadas.

E... de que xeito traballan?

Pois... todos xuntos.

Tiñades ideas diferentes?

Tiñamos.

E chegastes a unha conclusión común. Non é?

Certo.

O tesouro que descubristes, foi ese traballo que fixestes.

Non o entendo.

Debatestes de maneira plural e logo, acadastes un consenso.

Velai o tesouro.



O voso tempo rematou. Tedes algo?



A ver rapazada!
Mentres andades, podedes ver que nas paredes está a valiosa colección de arte que ten o Parlamento.



O alumnado atendeu a suxestión do guía e escoitou os nomes dos artistas que tiñan ali as súas obras: Urbano Lugris, Peteiro, Arturo Souto, Juan Luis López García, Alfonso Sucasas, José María Acuña, Xaime Quessada, Antón Pulido...



Estamos na zona dos despachos das deputadas e deputados.



Bo día.

Bo día!

Estamos cunha visita guiada e estou a lles amosar esta zona. Poden botarlle un ollo ao teu despacho?

Por suposto.

Moitas grazas!
A ver, achegádevos e ide pasando en grupos pequenos. Podedes botar un ollo rápido e... non toquedes nada!



Os mozos e mozas organizáronse e visitaron, ás presas, o despacho da deputada que respondeu as preguntas que estes lle fixeron.



Ben... que vos pareceu?

É un despacho ben pequeno!



Ten pouco luxo!

Estades no certo.

Estes espazos están deseñados para o traballo dos deputados, tamén das deputadas. Teñen as ferramentas todas para facelo, aínda que ningún luxo innecesario.

Xa atopastes o tesouro?



Imos entrar na biblioteca do Parlamento.



O murmurio xurdiu paseniño e as ideas pousaron no grupo de mozos e mozas. Xa tiñan asumida a dinámica do xogo e non demoraron en designar un voceiro.




O tesouro é o esforzo.

Moi ben! Eu engadiría, ademais, a dedicación, o estudo...



Un aplauso espontáneo xurdiu no grupo. Viñan de acadar, polos seus propios méritos, o seu primeiro tesouro.



Este espazo creouse un tempo despois da rehabilitación do edificio. Aquí, dispomos de fondos bibliográficos moi valiosos, que están ao dispor dos deputados e deputadas e das persoas que investigan. Ademais de libros contemporáneos, nesta biblioteca temos varias coleccións particulares de persoeiros como Carballo Calero, os irmáns Vilar Ponte, Elena Quiroga...



As rapazas e rapaces volveron a se organizar en grupos e, de maneira individual, observaron os andeis, tocaron os libros, aínda que sen descolocalos, falaron coa bibliotecaria, debateron entre eles... E, desta volta, non demoraron en desvelar o tesouro.



É deber do Parlamento divulgar o que acontece nesta institución e que a cidadanía estea informada. E para completar esta sala imos visitar a auténtica sala de prensa, alí é onde os xornalistas poden traballar para divulgar o que acontece no Parlamento.



Arestora, estamos na Sala de Comisións.



Como podedes observar esta sala é diferente das anteriores que visitamos. Aquí celébranse as xuntanzas das diferentes comisións que integran o Parlamento de Galicia.

A configuración é circular para facilitar o debate. A Mesa da Comisión sitúase nun plano superior.

E, do mesmo xeito que acontece no pleno, os medios de comunicación teñen un lugar reservado para cubrir o acto.



Daquela... o tesouro pode ser... o traballo en común.

Correcto! Iso está na nosa tradición popular. Se cadra, vós non o lembrades, mais a xente do rural organizábase para facer traballos comunais.

Por exemplo: cando facían as labradas ou cando había que apañar as colleitas. Sempre se dixo que en Galicia somos individualistas... o minifundio... e non é certo, cando temos que traballar xuntos, facémolo.

E facémolo moi ben.



Que é unha comisión?

Unha comisión é como se fose unha minisesión parlamentaria.

Son os órganos máis activos e numerosos do traballo parlamentario e nelas abórdanse máis asuntos, e con maior detalle, que no Pleno. Rematan coa lexislatura na que foron creadas.



Que é unha lexislatura?

Como se fose un curso dos nosos?

É o período que dura o funcionamento do Parlamento. Neste caso, dura catro anos.

Exacto...

Ainda que dura un chisquiño máis. E, agora, ocupade os asentos e buscade o novo tesouro!







Sairon novamente ao corredor. Quedaba a penúltima parada: o despacho do presidente do Parlamento de Galicia.



No centro da fachada posterior, cara ao leste. Un corpo con forma de ábside que xa existía na estrutura orixinal do edificio.



Chegaron. Mais, para desilusión do grupo, o presidente do Parlamento tiña unha recepción co presidente da Xunta, en San Caetano. Con todo, tiñan permiso para entrar no seu despacho e, baixo a supervisión do encargado da recepción das visitas, foi o que fixeron.



Estamos na sala da Xunta de Portavoces do Parlamento que está formada polos voceiros e voceitas de cada grupo parlamentario e mais a Mesa do Parlamento.

Aquí decídense a orde do día dos Plenos, os calendarios de actividades, as proposicións de leis... Algunha pregunta?

Entendemos que aquí non están todas e todos os parlamentarios?

Só están as voceiras e voceiros dos grupos e mais os seus adxuntos.

Daquela... o tesouro pode ser... a organización que hai que facer antes dun traballo.

Meu pai sempre me pide que antes de facer algo o pense ben. Ben... el di un refrán do meu avó, que era carpinteiro: **MEDIR DÚAS VECES, CORTAR UNHA.**

Estou abraiado! Mellor non se podía expresar! Con todo, eu sumaría un tesouro máis: o acordo.



O presidente ou a presidenta do Parlamento é a máxima representación da institución, e ten a responsabilidade de asegurar a boa marcha dos traballos, facer cumprir o Regulamento, dirixir os debates e gardar a orde destes.

Así mesmo, desempeña todas as demais funcións que lle confiren o Regulamento do Parlamento de Galicia.



Canto traballo!

Certo, é unha responsabilidade ben grande.

Por certo, teño que vos dicir que o xogo que vos propuxen no inicio da visita rematou.

Consequistes varios tesouros. Que vos pareceu a experiencia?

Difícil.

Positiva.

Interesante.

Divertida...



Xa estades preparados para visitar o último espazo do edificio...


O Hemiciclo.

Ali, ides ocupar os escanos, como se forades deputados e deputadas.

A democracia implica a participación e a elección dos gobernantes, o respecto dos dereitos humanos. Todos temos as mesmas obrigas...

a liberdade de movementos, de expresión, de prensa, de asociación, o respecto ás minorías, a non discriminación...

E agora, seguideme!



O grupo admirou, novamente, unhas vidreiras deseñadas por Laxeiro e mais o altorrelevo de madeira de castiñeiro deseñado, nesta ocasión, por Victor Corral e que representa simboloxía de Galicia.



Por ali entrou o grupo guiado polo encargado da recepción das visitas.



Os alumnos entraron de vez no Hemiciclo, tamén denominado Salón de Plenos.

Era enorme, o punto central do edificio e, por suposto, o lugar devedido por todos aqueles que acoden á visita do Parlamento de Galicia.



Estamos no cerne do Parlamento de Galicia. Aquí reúnese o Pleno orientado cara á tribuna de oradores.

Cada deputado ou deputada ten o seu escano. Do mesmo xeito que o Goberno, que ten esta primeira fila.

Sobre a tribuna de oradores, podeades ver unha enorme vidreira, deseñada por Isaac Díaz Pardo.

Se vos virades, podeades ver que existe unha bancada superior.

Ali está a tribuna do público e, tamén, as cabinas da prensa.



Agora, ides ser vós os protagonistas desta sesión do Pleno.

Mais antes... tedes que resolver varias cuestións previas.

Por exemplo: Que tema ides tratar. Ou... quen vai ocupar a Presidencia da cámara e, tamén, quen vai acompañar o presidente ou presidenta na mesa.

A presidenta da cámara vai ser Xiana, que vai estar acompañada na Mesa por Xenxo, Antía, Iago, Manuel e Iria.




Que tema ides debater?

O cambio climático.

Moi ben.

Pois veña! Bulide e ocupade os vosos postos.





Iniciase a sesión e o tema que imos tratar vai ser o cambio climático. O primeiro orador ou oradora pode ocupar o seu posto na tribuna.




Bo día señora. Bo día tamén ao resto dos deputados e deputadas. Como ben dixo a presidenta hoxe imos debater acerca da existencia ou non do denominado cambio climático.



Como xa sabedes no mundo existen dous grupos ben diferenciados de persoas: as que afirman a existencia do cambio climático e as que non. Eu estou no primeiro grupo.



As mulleres sodes unhas mexericas, queixádesvos por calqueira cousa...



Que dixeches?



Pareceume oír un comentario machista dese mozo e non o vou consentir.



Bisbiisi bisisimis bisim...

A presidenta da cámara ficou muda, en estado de shock, incapaz de moderar o debate.



Bisbiisi bisim...



Silencio! Continúe co seu discurso.



Grazas, presidenta. Como estaba a dicir eu son unha defensora da existencia do cambio climático.

Recordo que meu avó sempre está a falar de que, cando el era neno, as nevaradas que caían no inverno eran ben grandes e duraban moitos días. Hoxe, iso non acontece.



Iso é certo. Tamén, cada vez chove menos e, cando o fai, temos inundacións. Por non falar de que cada vez vai máis calor e...

Iso é mentira.

Outra mentira.



Silencio!



No hemiciclo estalou un barullo enorme, como se o alumnado estivese no patio do recreo. Todo eran berros e insultos.


Os mestres e mestras e mais o encargado non daban creto ao que estaba a acontecer. Axiña, abandonaron a bancada superior e chegaron ao centro do hemiciclo.



O encargado acordou intervir. Con todo, como se fose a cámara lenta, reparou en que un mozo subía na butaca do seu escano e non deixaba de se burlar da oradora e, de súpeto, ese mozo quedou sen voz.



O rapaz quixo volver falar e decatouse de que estaba mudo. E iso mesmo deu en lle acontecer a todas e todos os que estaban a imitar aquela agresividade verbal.



Paseniño, os falsos deputados comezaron a se decatarse do que acontecía e, ao cabo, o hemiciclo ficou nun silencio sepulcral.

Ninguén sabía o que estaba a acontecer...

Que está a pasar?



Non o sei.

Eu tampouco.



Nin eu!

Que teño que facer agora?



E nós?

Non o sei!!!



Eu non insultei a ninguén.



Nin eu...

O encargado das visitas correu cara ao rapaz que aínda permanecía de pé sobre a butaca. Parou onda el, pensativo...



Outra moza, que participara no alboroto, quixo volver falar e foi incapaz de facelo. E o mesmo lle aconteceu a outro que se caracterizara polos seus insultos. Tamén lle pasou a outro máis e, por extensión, a todos aqueles que participaron no espectáculo ominoso do Salón de Plenos. Todos eles estaban mudos.



Debo recoñecer que o fixestes ben. Eses tesouros, como xa vos explicara, non eran materiais. Eran valores que este parlamento quere fomentar. Valores como a democracia, a tolerancia, a non discriminación, a pertenza de grupo, a cultura, o respecto polo noso pasado... E vós... cando chegou o momento de aplicalos no debate non o fixestes.



Sabedes por que algúns quedaron sen voz?

Aqueles que non aplicaron eses valores, e se comportaron mal, foron os que quedaron sen voz.

Que vos sirva de lección.


O grupo de visitantes abandonou o Parlamento de Galicia. Marchaban falando animadamente, rindo, eran mozos e mozas alegres, mais xa non eran as mesmas persoas que entraran antes no Pazo do Hórreo.



Aprenderan unha lección ben importante que non habían esquecer na vida.



Comezou a chover. Era o típico día de outono en Compostela. E con aquela certeza, o vello encargado volveu ao edificio. E, mentres entraba de vez no vestíbulo principal, acordou facer unha promesa: era a última vez que inventaba un xogo para as visitas ao Parlamento de Galicia. Con todo e ben paseniño, comezaba a estar satisfeito da súa acción, sen el sabelo actuara como se fose un mestre e os rapaces aprenderan, grazas a el, unha boa lección. Se cadra... a posibilidade de argallar novos xogos para as visitas escolares non era tan mala idea...





*O Parlamento de Galicia
recibe a visita dun grupo de alumnas e
alumnos que van coñecer a institución.
A persoa que os guía polo Pazo do Hórreo
cóntalles que o edificio acolle valiosos
tesouros e proponlles un reto:
descubrilos durante o percorrido.
Serán capaces de achalos?*